



PARQUE ARQUEOLÓGICO
DA ARTE RUPESTRE
Campo Lameiro

galicia



XUNTA
DE GALICIA

Más información nos seguintes enderezos:
culturaeturismo.xunta.es
www.paar.es

Prensa:
Gabinete de Comunicación da Consellería de Cultura e Turismo
Tel.: 981-544806/ 981-545820
Correo-e: prensa.cultura.turismo@xunta.es



índice

1.	INTRODUCCIÓN	6
2.	OBXECTIVOS DO PARQUE	8
3.	O CENTRO DE INTERPRETACIÓN	10
4.	A PARAXE NATURAL	12
5.	O DISTINTIVO DE ITINERARIO CULTURAL	16
6.	INFORMACIÓN PRÁCTICA	18



1. *Introducción*

Máis de 4.000 anos de historia, un conxunto de gravados de primeira orde a nivel europeo e unha impresionante paraxe natural de preto de 22 hectáreas de extensión. Estas son algunhas das principais características que distinguen ao Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, unha infraestrutura cultural de incalculable valor histórico e arqueolóxico que está chamada a converterse nun referente internacional na xestión integral da arte rupestre.

O Parque Arqueolóxico, un dos máis grandes do continente europeo, ubicado entre as parroquias de Paredes e Praderrei no concello de Campo Lameiro, abre hoxe as súas portas. A partir de agora, converterase nun lugar de encontro de milleiros de visitantes e de expertos na arte rupestre.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre é exemplo do compromiso da Xunta de Galicia coa conservación, investigación e a presentación ao público dos valiosos petróglifos galegos. En total, a súa posta en marcha supuxo un investimento de 10,6 millóns de euros, dos que a Xunta aportou 7,2 e a cantidade restante correspondeu ao Ministerio de Fomento, con cargo ao 1% Cultural.

Desenvolvido ao abeiro do programa da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA), o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre promove e desenvolve actuacións relacionadas coa conservación, investigación e presentación ao público dos petróglifos de Galicia.

O parque configúrase a partir da suma de dous recursos complementarios. Dunha banda, o Centro de Interpretación e Documentación, un equipamento cultural concibido como centro de referencia para a investigación e conservación dos petróglifos, pero tamén como un espazo para o ocio intelixente. O segundo recurso é unha extraordinaria paisaxe cultural, de case 22 hectáreas de extensión, na que é posible observar un conxunto extraordinario de petróglifos no contexto ambiental que lles dá sentido.



2. Obxectivos do parque

1. Garantir a protección e a conservación dos petróglifos.
2. Facilitar o acceso do público, impulsando a súa difusión e coñecemento e promovendo actitudes positivas cara a súa conservación.
3. Exhibir a colección atendendo a criterios científicos, didácticos e de difusión, custodiándoa e conservándoa de xeito adecuado.
4. Desenvolver actividades didácticas e exposicións temporais orientadas a facilitar a difusión dos seus contidos e a súa comprensión polo público.
5. Configurar un fondo bibliográfico e documental vinculado aos petróglifos de Galicia e ao seu contexto social e ambiental.
6. Desenvolver programas de investigación.
7. Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros centros afíns, universidades ou institucións culturais, nacionais ou estranxeiras, coa finalidade de favorecer o intercambio de experiencias e a transmisión de coñecemento experto.
8. Elaborar ou promover a edición de publicacións científicas e divulgativas relacionadas cos petróglifos e co seu contexto social e ambiental.
9. Contribuír á formación e perfeccionamento de persoal especializado en tarefas de conservación, documentación, investigación e difusión dos petróglifos.



3. O centro de interpretación


A proposta arquitectónica para o Centro de Interpretación e Documentación de Campo Lameiro concibe un edificio compacto, pétreo, configurado a partir dun volume principal alongado, de 108 x 16 metros, que voa sobre o camiño de acceso ao Parque Arqueolóxico. Construído en dous andares e de 3.500 metros cadrados de superficie, o centro dedica o primeiro andar ao espazo expositivo –estable e temporal- e incorpora tamén a tenda e a cafetería.

O segundo andar contará, ademais de coas dependencias vinculadas á administración do complexo, con espazos dedicados á investigación e documentación dos petróglifos–biblioteca, arquivo, laboratorio, salas de guías e investigadores- e con ámbitos funcionais máis específicos –aulas e seminario-.

O proxecto expositivo concibido para o Centro de Interpretación e Documentación ten a súa orixe no desexo de deseñar un equipamento expositivo moderno, intelectualmente suxerente e visualmente atractivo. A idea é xerar un discurso explicativo no que o rigor científico conviva coa orixinalidade e a espectacularidade, no que as ideas e emocións flúan de maneira didáctica e lúdica a través do emprego de diferentes niveis de lectura e de diferentes soportes expositivos.

Este espazo está especialmente pensado para o ocio intelixente e está concibido como un centro de referencia para a investigación e conservación dos petróglifos. Unha das principais vantaxes que ofrece o parque é a capacidade para combinar unhas instalacións idóneas para os expertos na materia, cun proxecto expositivo que achegará os petróglifos e a vida na Idade de Bronce a un público non especializado.

O centro é unha visita obrigada para comprender todo o que ofrece Campo Lameiro e para aproximarse a un patrimonio milenario e que sigue sendo, a día de hoxe, obxecto de estudo e conservación. O visitante atoparase cunha instalación dotada dun equipamento expositivo moderno, intelectualmente suxerente e visualmente atractivo. No centro de interpretación ofrecese un discurso explicativo no que se combina á perfección o rigor científico coa orixinalidade e a espectacularidade. Deste xeito, nos diferentes soportes expositivos as ideas e emocións flúen de maneira didáctica e lúdica a través do emprego de diferentes niveis de lectura.



4. *A paraxe natural*

O Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro conta con 21,8 hectáreas de terreos de titularidade pública da Xunta de Galicia anexas ao Centro de Interpretación e Documentación, que permiten gozar dunha extraordinaria paisaxe cultural na que os petróglifos son a parte máis sobresaínte.

Máis de oitenta paneis con gravados rupestres agrupados nun considerable número de estacións, permiten contemplar os motivos e escenas máis salientables dos petróglifos galegos e, ao tempo, comprender os seus patróns de distribución espacial e a súa vinculación a determinados fitos da paisaxe. O val medio do Río Lérez (Campo Lameiro e Cotobade) é unha zona especialmente rica neste tipo de patrimonio en canto á cantidade, calidade e variedade dos motivos e ás dimensións e complexidade dos paneis.

O paseo pola área arqueolóxica realízase a partir dunha rede de sendeiros acondicionados, debidamente sinalizados, que enlazan as distintas estacións rupestres, e complementase coa existencia de diversos elementos de consumo amable e coa visita á recreación dunha aldea da Idade do Bronce, un espazo máis vivencial que se orienta á comprensión dos procesos e actividades vinculados á vida cotiá dos nosos devanceiros.

Esta paraxe natural na que se asenta o Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro é unha ampla zona que concentra o maior número de gravados rupestres ao aire libre de toda a comunidade galega. Nela, poden contemplarse gravados de temática xeométrica ou figurativa, destacando impresionantes escenas de monta e de caza. Especialmente característico é o sobranceiro cervo de gran cornamenta da Laxe dos Carballos.

O poboado da Idade de Bronce

Ao norte do Centro de Interpretación e Documentación, sobre unha pequena plataforma existente no bordo dunha conca e nas proximidades da primeira estación rupestre visitable, recreouse unha parte dun poboado da Idade do Bronce, que ocupa unha superficie aproximada de 2.000 metros cadrados.



Para a súa localización tivéronse en conta varios factores: unha localización topográfica similar á de moitos dos coñecidos asentamentos desa época; a proximidade ao Centro de Interpretación e, en consecuencia, ás aulas didácticas; a inmediatez ao camiño principal que atravesa o parque e ao itinerario máis curto e, finalmente, a situación entre dous cercados de pedra que poden ser utilizados para acubillar a facenda gandeira propia da época (ovicápridos e bóvidos, fundamentalmente).

As tarefas de reconstrución que se levaron a cabo no parque constitúen un exercicio que se adoita denominar arqueoloxía experimental, que ten a súa base nas estruturas arqueolóxicas documentadas durante o proceso de escavación e nas diferentes análises posteriores.

No proceso construtivo das cabanas do poboado de Campo Lameiro utilizáronse materiais como saprolita, terra orgánica, cuarzos seleccionados e varas de abeleira. Para o recubrimento da cuberta empregouse xesta, polas súas características de impermeabilidade e pola súa abundancia no rexistro do xacemento e na súa contorna. A técnica de colocación foi a que se utiliza habitualmente nas tradicionais pallozas dos Ancares e en construcións populares asturianas. A reconstrución do poboado complétase cunha serie de elementos complementarios, como son cabazos, fogares e un curro.

A recreación dunha pequena aldea pretende achegar o visitante á vida cotiá da Idade do Bronce. Trátase de ilustrar o espectador sobre aqueles aspectos que a investigación arqueolóxica vai descubrindo e que permite que este poida retrotraerse ao pasado e observar, de maneira directa, aspectos como a organización funcional do poboado, o sistema construtivo e a forma das cabanas, ou as especies que cultivaban e os animais que coidaban.

A Laxe dos Carballos

Rocha de gran tamaño, de configuración lixeiramente abombada e superficie regular e lisa, sobre a que se gravou un elevado número de figuras animais e escasos deseños xeométricos, convertendo este panel nun dos máis fermosos petróglifos galegos.

A inmensa maioría das figuras concéntrase na parte inferior da rocha, por debaixo dun dique do que se extraeu cuarzo. O panel encóntrase practicamente cheo de cuadrúpedes, de configuración e tamaño diferentes, que parecen ascender polo terreo seguindo a mesma dirección. Algúns destes animais apenas presentan trazos anatómicos distintivos, pero outros son cervos machos, e representáronse con falo e cunha cornamenta moi ramificada.

Claramente, distínguense seis lanzas cravadas sobre o seu lombo, unha especie de collar no pescozo e algúns detalles anatómicos característicos, como a boca e os ollos dispostos en paralelo, ou os seus pezuños. Varios deseños xeométricos forman igualmente parte da composición. Os máis evidentes son un par de combinacións circulares integradas por unha cazoleta central e varios aneis concéntricos, e varias agrupacións de cazoletas aliñadas.



5. O distintivo de itinerario cultural

O pasado 26 de maio, o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre acolleu a entrega do Distintivo de Itinerario Cultural do Consello de Europa aos representantes da Asociación Internacional Camiños de Arte Rupestre Prehistórico (CARP) polo seu proxecto 'Camiños de Arte Rupestre'. A concesión deste distintivo foi acordada no mes de maio de 2010.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, as áreas arqueolóxicas pontevedresas da Caeira (Poio), Tourón (Ponte Caldelas) e os petróglifos de Mogor (Marín) forman parte do proxecto 'Camiños de Arte Rupestre' xunto a outras cen áreas europeas de grande interese científico, cultural e artístico. No entorno do parque é posible visitar outros conxuntos rupestres de grande importancia que foron acondicionados para facilitar o acceso ao público: Campo de Matabois, Outeiro do Pan Trigo, Rotea de Mendo e Chan da Lagoa, no concello de Campo Lameiro, e Fentáns no de Cotobade, así coma xacementos doutras épocas, como o castro de Penalba, e unha interesante arquitectura civil e relixiosa nas localidades inmediatas.

Todos estes bens conformarán unha gran rede aberta para o coñecemento da sociedade europea e mundial. Esta rede permitirá, ademais, desenrolar actividades conxuntas de estudio científico, formación de expertos, conservación, difusión sociocultural e turismo sostible. No seu conxunto ofrece ata 120 grandes destinos arqueolóxicos e rupestres de gran interese científico, cultural, artístico e arqueolóxico, todos eles abertos ao coñecemento e goce da sociedade europea e mundial, destinos que actualmente suman máis de un millón de visitantes ao ano. Este Itinerario foi promovido, desde 2008, pola Asociación Internacional Camiños de Arte Rupestre Prehistórico (A.I.CARP), e conta co apoio de 30 institucións e organismos oficiais de España, Francia, Portugal, Noruega, Italia e Irlanda.

A entrega do distintivo, celebrado o pasado 26 de maio, contou coa presenza do conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela Fariña, que estivo acompañado do director xeral do Patrimonio Cultural, José Manuel Rey Pichel; o alcalde de Campo Lameiro, Julio Sayáns; o presidente da Asociación Internacional CARP, Ángel Sáinz; e a representante da Comisión de Cultura do Consello, Mechthilde Furher.

Este acto enmarcouse na celebración en Pontevedra do I Foro Internacional sobre o Itinerario Cultural Europeo 'Camiños de Arte Rupestre Prehistórico', que reuniu a técnicos e responsables de 20 rexións europeas de Irlanda, Italia, Noruega, Francia, España e Portugal para debater as actividades que este itinerario desenvolverá nos próximos anos.



6. Información práctica

Horario do Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro:

Xeral

- De martes a domingo: 10.00 a 18.00 horas

Temporada alta (do 15 de xuño ao 31 de agosto)


- De martes a domingo: 10.00 a 20 horas
- Visita nocturna: 20.00 a 24.00 horas

Haberá visitas guiadas para grupos e visitas nocturnas con cea, previa inscrición.

Contacto:

Páxina web: www.paar.es

Reservas: reservas@paar.es



Centro de interpretación



Área de laberinto y piedras tocables



Itinerario principal



Estación de petroglifos

01 Laxe da Forneiriña

02 Laxe dos Carballos

03 Outeiro dos Cogoludos I



Itinerario secundario



Estación de petroglifos

04 Outeiro das Ventaniñas

05 Outeiro dos Cogoludos II

06 Fonte da Pena Furada

07 Outeiro da Pena Furada

08 Laxe dos Cabalos

10 Forneiriña



Poblado



Área de descanso



Límite del Parque Arqueológico



PARQUE ARQUEOLÓGICO
DA ARTE RUPESTRE
Campo Lameiro

galicia



XUNTA
DE GALICIA